



TEXTO WEB (publicar en [escolas.vigo.org/vigoeningles](http://escolas.vigo.org/vigoeningles) e [vigoeningles.org](http://vigoeningles.org))

**NOTA INFORMATIVA (09-06-2020)**

**PRAZO SOLICITUDES PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS 2020” DO 10 DE XUÑO ATA O 9 DE XULLO DE 2020**

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 5/Xuño/2020, aprobou a modificación da base IV “Publicidade e Prazo” das bases específicas para o desenvolvemento da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020) dirixidas ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

**O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente para participar no programa municipal “Vigo en Inglés 2020”, será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da modificación das bases aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).**

**Dado que a modificación das bases se publicaron o martes 09/06/2020 no BOP Nº 109, O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES SERÁ DO MÉRCORES 10 DE XUÑO AO XOVES 9 DE XULLO DE 2020, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS.**

**Procedemento:**

O procedemento para a presentación de solicitudes no programa “Vigo en Inglés 2020”, está suspendido dende o pasado día 16/03/2020 pola declaración do estado de alarma.

Para ter formalizado a súa solicitude, todas aquelas persoas que xa enviaron con anterioridade o formulario de solicitude xunto coa documentación requirida deberán imprimir unicamente a solicitude, asinala (ambos proxenitores sempre que non sexan familias monoparentais) e rexistrala no prazo establecido, (electrónica ou presencialmente):

- **registro electrónico do Concello de Vigo (preferentemente)**  
([https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id\\_tramite=868&lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=868&lang=gal) )  
e premer o botón “tramitar por internet”
- **presencialmente no registro xeral do Concello de Vigo.** Para éste último debe solicitar cita previa nos teléfonos -opción Educación- 010 / 986810260 ou na web  
[https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/sol\\_cita\\_previa.jsp?lang=gal](https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/sol_cita_previa.jsp?lang=gal)

**AQUELAS PERSOAS INTERESADAS, QUE AÍNDA NON REALIZARON A SOLICITUDE, DEBERÁN FORMALIZALA DENTRO DO PRAZO ESTABLECIDO, ENTRANDO NO SEGUINTE ENLACE WEB** <https://escolas.vigo.org/vigoeningles>, cubrindo os datos requiridos no formulario web e posteriormente, unha vez cuberto e enviado deben imprimilo, asinalo e rexistralo, electrónica ou presencialmente, según os procedementos indicados anteriormente.

Poden adxuntar a documentación requirida a través do enlace que figura no correo electrónico de confirmación de envío do formulario de solicitude ou ben xunto coa solicitude no registro (electrónico ou presencial). É importante que a solicitude vaia asinada por ambos proxenitores excepto no caso das familias monoparentais que deberá ir asinada polo/a proxenitor/a que teña a guarda e custodia do/a menor.

Máis información en:

[www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org)

no correo electrónico: [vigoeningles@vigo.org](mailto:vigoeningles@vigo.org)

Nos teléfonos: 986 81 01 81 / 621 275 169 / 638 531 827 (Luns a venres en horario de 8 a 14 hs)